

ZIRKO

TOXOKO

presenta



O risco está servido

TAVOLE



... este mundo está cada vez máis tolo ...

Tavole é a nosa visión da vida actual, ampliada e exaxerada polas lentes do circo e do humor.

Relatos e experiencias cotiás misturadas coa fantasía.

... as guerras, a absurdez da evolución do ser humano, a loita de egos, o bullying, a rivalidade no xogo ... son problemas *moy presentes na realidade social na que vivimos e coa que convivimos cada día.*

Nesta obra, transitaremos por todas estas situacións acompañados por **2 personaxes entrañables cheos de curiosidade e paixón.**

4 mesas, un truss, 2 personaxes...

¡paixón e curiosidade !

Isto é Tavole

PODES VELO AQUÍ:

<https://youtu.be/O6BIP8WYOec>

... SOBRE TAVOLE ...

“...os golpes, as caídas, o erro, a torpeza, a desgracia allea...
as veces nos xeran risa, unha maliciosa risa que non sabemos por qué ven, e en cambio outras veces
ese erro chega en forma de preocupación.
Non é preocupante, nin se quera egoísta.
É innato, é explicable, é universal e pásanos a tod@s.”

A manipulación de obxectos, a **investigación** na utilización da escenografía, e a fusión do **circo e do teatro**, farán que o **espectáculo** sexa **diferente, único e innovador**.

VALORES, HUMOR e CERCANÍA:

TAVOLE lévate a un mundo de humor e reflexión; inspirado nos problemas da sociedade actual, e a través da linguaxe universal do circo, estes dous personaxes chegarán á conclusión de que a única solución a estes problemas é a convivencia, a comunicación e o respecto.

EN CALQUERA LUGAR E PARA TODOS

Diseñado para poder facerse en prácticamente calquera sitio, **rúa, praza** ou **teatro** (adaptación para interior).

Un show para **todos os públicos**, ¡O teatro de rúa e o circo son universais!



FICHA TÉCNICA

TODOS OS PÚBLICOS

DURACIÓN: 50 MIN

PARA RÚA E SALA (consultar rider)

NECESIDADES TÉCNICAS

ESPACIO ESCÉNICO

6 M FONDO - 8 M ANCHO - 6,5 M ALTO
CHAN SECO, LISO E NON INCLINADO

ESPACIO SONORO

TOMA DE CORRENTE
A COMPAÑÍA FARASE CARGO DO EQUIPO DE SON

MONTAXE E DESMONTAXE

TEMPO DE MONTAXE - 2 HORAS
TEMPO DE DESMONTAXE - 1,5 HORAS

UN LUGAR PARA CAMBIARSE A MODO DE CAMERIN, UN
BAÑO E AGUA

ACCESO DUN VEHÍCULO ATA A ZONA DE
ACTUACIÓN PARA CARGA E DESCARGA

FICHA ARTÍSTICA

Elenco: Ariñe Azkue e Óscar Páez

Director: Aritza Rodriguez

Vestuario: Estudio 14

Vídeo: Mendi Imagen

Fotos: Maia Azkue

Escenografía: Jose Luis Canete

Acompañamento

ARTAIDE ELKARTEA - Coral Graciani

Agradecementos:

Grazas a todas as persoas do proxecto TAVOLE, desde a idea inicial, ata a súa distribución, por ese apoio e confianza incondicional, e a toda a xente que tan só coa súa existencia nos motiva e inspira.

INTÉRPRETES



Oscar Páez

¡¡Encántalle subirse ás árbores!! Desde moy pequeno gústallea velocidade e o risco; con so **5 anos** foi **gañador da carreira popular do día do Turista**, no seu pobo, e máis tarde comezou a correr e con **12 anos** **batiu o record de 2000 m.**, e **3 anos máis tarde** **gañou o campionato de atletismo de Galicia (en 3000 m).**

Despois de estudar **INEF** na Coruña, empezou a súa **carreira circense**. Pasaron xa moitos anos de entonces, e en todo este tempo tivo a sorte de poder viaxar estudando varias técnicas de circo cos mellores profesores! Especializado en acrobacia de dúo (portés), slapstick e clown

A risa e o motor da súa vida!!



Ariñe Azkue

Cando era pequena vestíase coa malla de aerobio da súa nai e dicía que de maior quería ser **“trafecista”**.


Aos 16 anos colleu unha mochila e foi cuns amigos aos Pirineos. Esta aventura despertou a súa curiosidade por **coñecer máis mundo** e decidiu marchar a Granada a estudar **xeoloxía**.

Cando estaba de Erasmus en Nápoles o **circo** cruzouse na súa vida e ¡foi para quedarse! O que parecía ser tan só un hobby, cos anos converteuse na súa **vida**.

Estivo formándose xunto a Óscar Páez en diferentes lugares do mundo.

Encántalle voar polos aires, así que as técnicas nas que máis profundizou son os **aéreos** e a **acrobacia de dúo**.

¡¡Cree no poder do circo como linguaxe universal!!



SOBRE A COMPAÑÍA

Zirko Txosko son Ariñe Azkue e Oscar Páez, xuntanza de País Vasco e Galicia, unha compañía referente a nivel estatal na mistura do humor e o circo.

Un humor sinxelo, sutil e para todos os públicos. A conciencia social e a reflexión están na ideoloxía de Zirko Txosko e iso refléxase con pinceladas nos seus espectáculos

Con 15 anos xa de traxectoria e 5 espectáculos creados é unha compañía de circo recoñecida a nivel nacional

Ademáis de Zirko Txosko crean diferentes compañías como Cair Zirko ou Muu, coas que traballan de forma paralela.

Tamén traballaron e seguen facendoo con diferentes compañías como Malas Compañías, Culturactiva ou Zirika Zirkus.

Fórmanse en Navarra, na escola de Zirko Oreka, pasan por Arxentina, Italia e outros lugares do estado, para especializarse en portés, slapstick, técnicas aéreas e clown, misturando todo isto e sendo xa un referente en todo o estado.

En 2025 onde estrearán o seu quinto espectáculo **Tavole**.



INFO RELEVANTE Y TRAYECTORIA

INFORMACIÓN NA REDE

Web: www.zirkotxosko.com

Instagram: @zirkotxosko

ESPECTÁCULOS DA COMPAÑÍA

- **Txosko voando** (2011)
- **Forzudos** (2015)
- **Riscando o ceo** (2019)
- **Oh-Pera** (2022)
- **Tavole** (2025)

CULTURACTIVA
ESCENICAS

981 582 836
info@culturactiva.org
www.culturactiva.org

TAMÉN TRABALLAMOS CON OUTRAS COMPAÑÍAS...

- Creadores da Compañía **Cair Circo** no espectáculo "**Erori**"
- Coa **Productora Pistacatro** nos espectáculos "**Impreuna**" e "**Desperta**"
- "**Prozak**" de **Malas Compañías**
- Nos espectáculos "**Hemendikara**" ou "**Marietak**" de **Zirika Zirkus**
- Gala de Circo "**Circando**" de **Culturactiva**
- Coprodución de **Assircopatas** e **Zirko Txosko**, nace a compañía **MUU** con "**Crunch**" e "**Crunch 2**"

CIRCO SOCIAL

Por outro lado, temos a sorte de colaborar con **Pallasos en Rebeldia**, participando en galas de circo a nivel estatal para financiar proxectos sociais e formando parte das suas expediciones; como por exemplo **FISAHARA** e nos **Campos de Refuxiados de Sahara** (Argel) ou el Festiclown **Tchyminigagua** nas comunas de **Bogotá** (Colombia).

PREMIOS E RECOÑECEMENTOS

- **Premio Gauekoak** en Gasteiz **2009** mellor sketch de Circo-teatro
- **Beca de la Diputación de Gipuzkoa (2009)** : Ariñe Azkue recibiu esta axuda para seguir formándose en Buenos Aires (Argentina). Duración: 6 meses.
- **Beca da Diputación de A Coruña a la compañía Zirko Txosko (2013)**. A compañía recibiu unha beca para la creación do seu primeiro show en Buenos Aires (Argentina).
- **Premio al mejor espectáculo en el Festival Entrepayasaos de Zaragoza (2017)**, có espectáculo "**Erori**", da compañía **Cair Circo**.
- **Premio do público al mejor show en Festiclown de Vilagarcia** (Pontevedra) para el espectáculo "**Oh-Pera**" de la compañía **Zirko Txosko**.
- El espectáculo "**Oh-Pera**" ha sido seleccionado para el **catálogo de la Red de Teatros Alternativos** (2023).